

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 20 Outono 2020
Revista dixital



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

COVID-19: O Colexio de Avogados mantén a súa actividade ordinaria e aproba diferentes medidas de axuda para todos os colexiados e colexiadas

A xunta de goberno agradece o esforzo dos colexiados no estado de alarma, cunha mención especial para os avogados e avogadas da quenda de oficio

Festividade de San Raimundo de Peñafort 2020



VIDA COLEXIAL

Margarita Ruíz Núñez e Manuel Martín García tomaron posesión dos seus cargos na xunta de goberno do colexio

Dispoñible a nova APP do ICA Santiago para dispositivos móbiles

COLEXIO
DE
AVOGADOS

Visita do novo comisario da Policía Nacional



AO PÉ DA LETRA

A responsabilidade individual no uso do galego por parte da avogacía

Por Carlos A. García Novio,
colexiado 1.299
do ICA Santiago



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servicios Colexiados

Acceso Libre



Circulares

Todas as novidades de ICA Santiago para os Colexiados: circulares informativas, notas informativas, nomenclatura, etc.

LexNET

LexNet - Servizos Telemáticos

Lexnet, Servizos Reobogacia, Reclamacións tráfico (Sop-Lex)

SIGA

SIGA

Programa de Xestión Colexial



Oficina Virtual

Séguo RC, formularios e relacións de cursos, calva de suxeccións.



Quenda de Oficio

AXGNet, Sistema de notificación electrónica. Baremos de compensación económica, normativa, lista de gardas, formularios.



Bases de Datos - Biblioteca Online

Biblioteca Online. Bases de datos (Tirant, La Ley, Cendox).



Taxación de custas

Cálculo de honorarios en taxación de custas. Calculadora escala tipo.



Ferramentas - Calculadoras

Calculadoras: custas, taxas, xuros xudiciais, cláusulas chan, indemnización por despedimento, embargo de salario, etc.



Sede Electrónica Xudicial

Espazo no que a Administración de Xustiza en Galicia, cidadáns e profesionais se relacionan no marco da actividade xudicial.



Guía Colexial - Revista

Guía Colexial; Revista ICA Santiago "Avogacia Compostela". Consulta todos os números da nosa revista Colexial.



Servizo de Asesoramento Lingüístico

Espazo de formación, apoio e actualización continuada en materia de lingua para todos os Colexiados e persoal relacionado coa avogacia.



Taboleiro de Anuncios

Consulta o taboleiro de anuncios online de ICA Santiago para estar ao día de novidades e avisos do Colexio.



Outros Servizos

Outros servizos Colexiais: acceso a conta de correo electrónico e sinatura electrónica.



Mediación

Servizo de mediación ICAS: normativa Colexial e estatal, formularios, rexistro de mediadores, etc.

Páxina web do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

ACCESOS DESTACADOS



CONTACTA CON NÓS



Enderezo:

Rúa Eduardo Pondal, 4
15702 Santiago de Compostela

Teléfono:

981 581 713

Fax:

981 581 132

Email:

contacta con nós >

Horario:

Atención ao público: luns a venres, de 09:00 a 14:00

COLABORADORES





Avogacía Compostelá

Dirección

Xunta de goberno



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Contidos

Pablo G. Quintas
(Lupa Comunicación)



Maquetación

José S. Vilariño Vázquez



1844 - 2019

Sumario

Editorial	4
ACTUALIDADE	
Dispoñible a nova APP do ICA Santiago para dispositivos móbiles.....	5
Acordo de adhesión ao rexistro de impagados xudiciais	5
NOVAS DA AVOGACÍA	
Covid-19: O Colexio de Avogados mantivo a súa actividade ordinaria e aprobou diferentes medidas de axuda aos colexiados e colexiadas	6
ESPECIAL 175 ANIVERSARIO	
175 anos de historia no Colexio de Avogados de Santiago.....	8
• Etapa do Camiño.....	9
• Acto Cenral.....	10
• A defensa da liberdade.....	11
• Medalla de Ouro da Cidade.....	11
ARTÍCULOS DE OPINIÓN	
A reclamación previa na lei 35/2015 do 22 de setembro: efectos procesuais, enervatorios e interruptivos da prescrición da acción	12
Os seguros obrigatorios, os grandes descoñecidos	15
VIDA COLEXIAL	
Margarita Ruíz Núñez e Manuel Martín García toman posesión dos seus cargos na xunta de goberno do Colexio de Avogados de Santiago	17
Visitas do xefe da Policía Local e do novo comisario xefe da Policía Nacional.....	17
Festividade de San Raimundo de Peñafort	18
Cursos e sesións de formación no Colexio de Avogados de Santiago	22
Salas para xuízos telemáticos	22
REDES SOCIAIS	
O Colexio nas redes	23
AO PÉ DA LETRA	
A responsabilidade individual no uso do galego por parte da avogacía.....	24
O Colexio nos medios.....	27

Co patrocinio de:



**XUNTA
DE GALICIA**

Depósito legal: C-3778-2007

Deseño: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Francisco
Rabuñal Mosquera

Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimadas compañeiras, / Estimados compañeiros,

Cando aínda lembramos e sufrimos os efectos da crise económica do 2008 ou a folga da xustiza en Galicia de 2018, a crise derivada da pandemia da Covid-19 conseguiu superar ambas engadindo unha especial crueldade no persoal, cunha paralización da actividade económica e institucional de consecuencias aínda incalculables, ás que a avogacía debía plantar cara e, plantou cara, garantindo a asistencia letrada en todo momento, xa sexa a través das compañeiras e compañeiros da quenda de oficio, xa dende o eido particular, acompañando nesta loita colectiva a outros sectores profesionais.

Desde o Colexio a título individual, e desde o Consello Galego e o Consello Xeral aglutinando as capacidades de todos, tentamos en todo momento prestar a máxima asistencia ás colexiadas e colexiados, así como reclamar e tamén colaborar con outras institucións co obxectivo de pasar esta crise salvagardando os nosos dereitos e velando polo cumprimento das nosas obrigas, co único fin de garantir a salvagarda dos dereitos e liberdades. Dereitos e liberdades que non debemos facilmente rebaixar ou pospoñer fronte á saúde.

Lamentablemente, as nosas demandas non sempre son atendidas, como ocorreu coa habilitación do mes de agosto, que non só rompe co dereito ao descanso e á conciliación familiar, senón que sen dúbida produce un atraso, xa que a non concentración das vacacións no devandito mes, tradicionalmente inhábil, salpicou e salpica de atrasos os distintos órganos xudiciais cada vez que o seu persoal goza das súas vacacións ou permisos.

O noso sector, fiel reflexo da situación económica derivada desta crise, observou como uns poucos viron incrementada a súa actividade e como outros a reduciron, polo que desde o Colexio, ademais de reivindicar das institucións axudas para o noso colectivo, decidimos facilitalas de modo directo. Axudas que ademais tiveron un resultado satisfactorio, dado que as previsións de demanda non foron cubertas, o que sen dúbida reflicte un exercicio de responsabilidade individual na súa demanda e sinal a madurez e fortaleza do noso colectivo ante a adversidade.

A actividade da avogacía debe seguir e segue a pesar da pandemia, por iso tentamos adaptarnos ás novas situacións, reforzando non só a seguridade do persoal traballador e das colexiadas e colexiados, senón tamén a das persoas que pasan diariamente polo noso Colexio demandando os nosos servizos —cuxo número se viu notablemente incrementado durante esta crise. Tamén nos reforzamos tecnoloxicamente, para poder traballar en tempos de pandemia e conseguimos poñer en marcha os cursos de formación de maneira non presencial.

A vida colexial segue, 175 anos son moitos como para que unha pandemia nos free. Unha mostra é esta revista, que hoxe, cos atrasos propios da pandemia, poñemos á vosa disposición e na que alegra ver a normalidade coa que nos relacionabamos nos actos colexiais hai uns meses en contraste con outros que xa sofren as restricións desta crise. Grazas, Roberto e Carlos, polas vosas interesantes colaboracións que nos permiten a todos e a todas participar dos vosos coñecementos e reflexións elevando a calidade do contido da revista.

A portada da revista lémbreme que, probablemente, para o ano a celebración do San Raimundo só teña que atrasarse, xa que me resisto a descartar a súa realización, cando as primeiras noticias dunha pronta vacinación fanme incrementar as esperanzas dun inmediato futuro onde as relacións humanas volvan ao seu normal ser e estar. Como debe volver o uso da toga, símbolo de igualdade no proceso.

Como me dixo un amigo, hai pouco, por teléfono: “ata corpos vistos que antes non hai cando”.

Unha aperta a todos/as,

Francisco Rabuñal Mosquera
Decano


DISPONIBLE A NOVA APP DO ICA SANTIAGO PARA DISPOSITIVOS MÓBILES

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela puxo ao dispor dos seus colexiados e colexiadas no pasado mes de xuño a súa nova App para uso en dispositivos móbiles.

A nova ferramenta está dispoñible para descarga de forma gratuíta dende Google Play (dispositivos Android) e dende App Store (dispositivos iOS) buscando polo nome "ICASantiago". Esta aplicación nace coa intención de facilitar e reforzar o acceso aos servizos e á información colexial de maior interese profesional para os colexiados.

Contidos e funcionalidades da App: listas de gardas; teléfonos de interese; localización de sedes xudiciais de Galicia; servizo de mensaxería dende o Colexio; comunicación de todo tipo incidencias; calendario de eventos; ligazóns de interese; formación; reserva de salas para reunión; censo de letrados CGAE.

Unha vez instalada a App no dispositivo móbil, a primeira vez que se acceda hai que introducir un usuario (núm. de colexiado/a) e contrasinal (DNI coa letra en maiúscula). Este contrasinal só é provisional para o primeiro acceso e, unha vez dentro, o usuario deberá cambialo por outro persoal.



As incidencias relacionadas co proceso de instalación ou co manexo da nova App pódense comunicar na seguinte conta de correo electrónico: incidencias_app@icasantiago.org. A esta mesma conta tamén se poden dirixir suxestións sobre novos contidos ou utilidades que se consideren de interese para o colectivo, co fin de mellorar e facer máis completa esta ferramenta.

“É un servizo máis para os colexiados e colexiadas, adaptando funcionalidades xa existentes ás novas tecnoloxías”, sostén o decano do colexio, Francisco Rabuñal.


Mediante a aplicación, o colexio axiliza a comunicación cos e coas colexiadas, un aspecto importante tendo en conta que a institución xestiona de forma directa a quenda de oficio ou a asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

ACORDO DE ADHESIÓN AO REXISTRO DE IMPAGADOS XUDICIAIS

A Xunta de Goberno, na sesión do 29.06.2020, tomou o acordo de adherirse ao convenio subscrito entre o CGAE e a mercantil Desarrollo de Aplicaciones Jurídicas, SL, para o acceso ao Rexistro de Impagados Xudiciais (en diante RIX), que ofrece servizos de reclamación de cantidades recoñecidas en resolucións firmes achegadas por avogados e avogadas, no seu nome ou en representación dos seus clientes, por medio dun procedemento automatizado en liña que remata coa publicación dos datos relativos á débeda.

O RIX funciona como un ficheiro de mo e consultar débedas líquidas, vencida, opera como os coñecidos ficheiros RAI). O dito ficheiro pode ser con- do e por todo o sistema financeiro que se xera unha presión social e

O manexo desta plataforma pode ción ou consulta de falta de paga- débedas entre particulares, incum- ou de compravenda de mercancías ou, fosen condenadas a pagar por sentenza firme, entre outras débedas. Tamén ofrece outras funciona- lidades dixitais para a avogacía, como poden ser a reclamación de minutas ou a consulta de posibles clientes morosos, o que favorece unha maior seguridade á hora de contratar os servizos.



rosidade xudicial que permite reclamar das, esixibles e recoñecidas e que de morosidade bancarios (Asnef ou sultado por calquera outro avoga- e empresarial do país, de maneira financeira sobre o debedor.

facilitar, por exemplo, a reclama- mento das pensións de alimentos, primentos en contratos de alugueiro incluso, a morosidade de institucións que

Máis información en: <https://www.abogacia.es/servicios/abogados/registro-de-impagadosjudiciales>

Covid-19: O Colexio de Avogados mantivo a súa actividade ordinaria e aprobou diferentes medidas de axuda aos colexiados e colexiadas

O Colexio de Avogados de Santiago mantivo a súa actividade ordinaria dende o comezo da pandemia da Covid-19 para dar servizo aos seus colexiados, colexiadas e ao conxunto da cidadanía, co único cambio de incrementar durante o estado de alarma e o confinamento a atención a través do teléfono ou por vía telemática.

Ademais, a xunta de goberno do Colexio de Avogados de Santiago, consciente da situación sociosanitaria derivada da crise sanitaria e da súa repercusión económica para autónomos e profesionais, tomou diferentes medidas de axuda aos colexiados durante a pandemia.

A primeira delas, na xunta de goberno do 18 de marzo, foi a decisión de aprazar o cobramento da cota do segundo trimestre. Os colexiados que se acolleron ao dito aprazamento poden aboar ata o 31 de decembro a cota. Tras esa mesma xunta de goberno, o colexio informou a todos os colexiados e colexiadas do servizo de asistencia a persoas detidas e da quenda de oficio de que tan pronto se pechase o trimestre, o día 31 de marzo, se emitirían á Dirección Xeral de Xustiza as correspondentes certificacións e xustificacións, co fin de que na primeira semana de abril se puidese realizar o pagamento das quendas correspondentes ao primeiro trimestre do ano con fondos propios do colexio.

Esta medida significou un adianto no pagamento da quenda de aproximadamente un mes e medio e supuxo un desembolso de máis de 250.000 euros por parte do colexio, unha iniciativa aprobada co obxectivo de axudar aos profesionais.

“Quero dar un especial agradecemento ás compañeiras e compañeiros que prestan nestes días asistencia xurídica, xa sexa dentro das quendas de asistencia ou por designación particular, porque nestes momentos o noso colectivo, como sempre fixo, debe velar polo cumprimento da legalidade vixente”, asegurou a finais de marzo o decano do colexio, Francisco Rabuñal.

“Non lle escapa a ninguén que esta situación excepcional na que nos atopamos poida derivar en efectos moi negativos para a economía do noso colectivo, polo que permanecерemos atentos para demandar da Administración as mesmas medidas que se adopten para outros colectivos, así como para estudar dende a Xunta de Goberno novas medidas que axuden a paliar estes efectos negativos, intentando dar solución aos problemas singulares na medida das nosas posibilidades”, engadiu Rabuñal.


Días despois, xa en abril, o Colexio de Avogados mantivo unha reunión de traballo co Colexio de Procuradores ante a decisión do Ministerio de Xustiza de permitir a presentación de escritos nas oficinas xudiciais e fiscais de forma telemática, trasladando posteriormente aos seus colexiados e colexiadas unha serie de recomendacións.

Material de protección

A mediados de abril, o Colexio informou os letrados e letradas do servizo de asistencia ao detido e quenda de oficio de que podían pasar pola secretaría do Colexio para recoller máscaras, luvas e xel hidroalcohólico. O material formaba parte do primeiro envío facilitado polo Consello Xeral da Avogacía Española, así como pola Delegación do Goberno, ademais do adquirido polo propio colexio.

A Xunta de Goberno, na sesión levada a cabo o 15 de abril, tomou o acordo de incrementar a achega económica do colexio á póliza do seguro de responsabilidade civil dos colexiados/as (100.000 €/anualidade). Nos orzamentos de 2020, aprobados na xunta xeral de decembro de 2019, incluíuse un incremento de 20.000 euros na achega do Colexio á dita póliza, pasando de 30.000 a 50.000 euros por anualidade (da póliza).

Non obstante, dada a situación socioeconómica derivada da crise sanitaria e como medida de



axuda económica aos colexiados, a Xunta de Goberno acordou incrementar esta subvención con outros 50.000 euros adicionais. En consecuencia, a achega total do Colexio pasa a ser de 100.000 euros por anualidade desta póliza, o que supón un aforro moi importante para os colexiados asegurados.

A próxima anualidade da póliza do seguro de responsabilidade civil profesional abrangue do 01.07.2020 ao 30.06.2021 e os recibos pasaránse por semestres: o primeiro foi cargado no mes de setembro deste ano e o segundo, no mes de xaneiro de 2021.

A Xunta de Goberno tamén acordou nesa sesión reservar unha partida orzamentaria para adquirir o material EPI necesario co fin de que se distribúa entre os colexiados e colexiadas. Dende ese día iniciáronse xestións coa Xunta de Galicia e con outros organismos para a compra deste material, conscientes das dificultades de mercado que hai agora mesmo por mor da alta demanda destes recursos.

Fondo de axuda de 150.000 euros

A Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Santiago, na reunión do 28 de abril, acordou a creación dun fondo de axuda dotado con 150.000 euros, con cargo ao remanente da tesourería e dirixido a conceder préstamos sen xuros remuneratorios aos nosos colexiados/as exercentes residentes por conta propia.

Os préstamos, por uns importes de 600 ou 1.200 euros, tiñan como finalidade atender as necesidades profesionais máis urxentes ante unha posible falta de liquidez, como consecuencia da situación económica derivada da pandemia. A Xunta de Goberno, respecto da adopción deste acordo, tamén quixo dirixir unha mensaxe de chamamento á solidariedade de todos os colexiados e colexiadas para que as solicitudes se leven a cabo de maneira responsable, co fin de que esta medida poida servir para atender aquelas situacións máis delicadas e urxentes.

Na sesión que tivo lugar o 30 de xuño, a Xunta de Goberno tomou de novo o acordo de adiantar



con fondos propios o pagamento das cantidades correspondentes ao segundo trimestre de 2020 da quenda de oficio.

Fondo Covid

Desde o 22 de xullo e ata o 22 de agosto, os colexiados e colexiadas exercentes que se viron prexudicados con motivo da pandemia Covid-19 e polo estado de alarma acordado polo Real decreto 463/2020, puideron solicitar a concesión dunha axuda extraordinaria do Fondo de Axudas posto en marcha polo Consello Xeral da Avogacía Española, que tiña unha dotación económica dun millón de euros.

O Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española aprobou o venres 10 de xullo as bases para a distribución deste fondo

de axudas aos colexiados máis duramente castigados. Os conselleiros, entre eles o decano compostelán, Francisco Rabuñal, consideraron importante que o Consello, como órgano que agrupa e representa a totalidade dos colexios da avogacía española, puxese en marcha este programa nun momento en que o conxunto da profesión está seriamente afectado polas consecuencias económicas e sociais da pandemia.

A finais de agosto, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela recibiu as máscaras personalizadas para previr os contaxios por Covid-19, que se repartiron de forma gratuíta entre os colexiados e colexiadas.

A Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o día 1 de outubro, acordou por terceira vez que o Colexio adiantase con fondos propios as cantidades correspondentes ás declaracións da quenda de oficio presentadas no terceiro trimestre do ano, tal e como xa fixera nos dous trimestres anteriores. Unha vez pechado o trimestre, o colexio remitiu as certificacións á Dirección Xeral de Xustiza para a súa validación.

Tamén no mes de outubro, o Colexio acadou un acordo coa aseguradora Previsión Mallorquina, polo que se puxo ao dispor de todos os colexiados e colexiadas interesadas unha oferta de cobertura de ILT específica no caso de contraer enfermidade por diagnóstico positivo do coronavirus Sars-Cov-2.

175 ANOS DE HISTORIA NO COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO

O programa de actividades ‘Avogacía Compostelá 1844-2019’ serviu para conmemorar o aniversario da institución e a súa relación coa sociedade local

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou o seu 175 aniversario. A xunta de goberno agradece a participación de todos os colexiados e colexiadas nos diferentes actos e actividades do programa ‘Avogacía Compostelá 1844-2019’, que serviu para rememorar a historia da institución e a súa relación coa sociedade local.

O primeiro dos actos, no pazo de Bendaña, foi con representantes políticos, económicos e sociais de Compostela para presentar as actividades do 175 aniversario da institución. “Nas actas fundacionais do ano 1844 xa se falaba da necesidade de traballar desde o colexio para que Compostela tivese un maior peso institucional e xudicial”, manifestou na súa intervención o decano da institución, Francisco Rabuñal.

“Seguiremos con ese compromiso, como facemos en todas as reivindicacións de novos órganos xudiciais para a nosa cidade; a avogacía de Santiago estará sempre

onde sexa necesario para Compostela, ao servizo dos intereses da capital galega”, engadiu Rabuñal.

O colexio colabora co Concello de Santiago e con outras institucións locais para o asesoramento en materia de xustiza gratuíta ou desafiuzamentos a diferentes colectivos, “un labor que é un compromiso para a avogacía e manteremos”, apuntou o decano.

No acto de Bendaña interviñeron ademais o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo; o reitor da USC, Antonio López; o vicepresidente

da Cámara de Comercio, José Carballo; o director da Fundación Catedral de Santiago, Daniel Lorenzo, e a historiadora Encarna Otero.

Todos eles falan da importancia do colexio para o tecido social de Santiago, ademais de lembrar nomes como os de Montero Ríos ou Alfredo Brañas, moi vinculados ao colexio e que deixaron unha fonda pegada na cidade.



Etapa do Camiño

Posteriormente, preto de 70 avogados e avogadas fixeron a derradeira etapa do Camiño de Santiago, en concreto desde Arca-O Pino ata Compostela. ‘Camiñando xunt@s polo 175 aniversario’ foi unha xornada de convivencia e fraternidade, unha experiencia única para encher de avogacía a ruta xacobeá e a Praza do Obradoiro.

O bo tempo acompañou e durante o traxec-

to uníronse avogados e avogadas que decidiron non facer o traxecto completo pero querían estar na chegada ao Obradoiro. “Non podíamos celebrar o noso 175 aniversario sen facer xuntos uns quilómetros do Camiño, símbolo da nosa cidade; foi unha mañá moi agradable e chea de anécdotas que non esqueceremos”, asegurou o decano do colexio e tamén peregrino naquela xornada, Francisco Rabuñal.



Saída dende Arca-O Pino da etapa



Parada para un pequeno descanso en Lavacolla



Nas escalinatas de Raxoi



Fin de etapa na entrada a Catedral de Santiago na Praza do Obradoiro



Acto central

En novembro do ano pasado, máis de 250 persoas asistiron no Paraninfo da Facultade de Historia ao acto central do 175 aniversario do Colexio de Avogados de Santiago. Estiveron o alcalde, Xosé Sánchez Bugallo, o arcebispo, Julián Barrio, e o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, ademais de numerosas autoridades locais e autonómicas dos ámbitos xurídico, político e civil.

O acto comezou cunha benvida por parte do decano do colexio, Francisco Rabuñal, que lembrou “os 20 avogados que o 16 de novembro de 1844 fundaron o colexio, polos 1.500 letrados e letradas que hoxe en día están colexiadas”.

Posteriormente, houbo unha entrega de diplomas aos letrados e letradas con máis de 25 de anos de exercicio profesional e dunha medalla conmemorativa aos antigos deputados e deputadas da Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Santiago. En concreto, recibiron a medalla Jesús Maroño; Cesáreo Pardo; José Vispo; Juan Guillán; Manuel Mar-



tín; Ramón Fernández; José Santiago; María Gude; Germán Pérez; Cristina Cajade; Evaristo Nogueira; Ana Villar; Belén Hospido; Noemí Ucha; Pedro Blanco; Gerardo Sánchez-Brunete; Manuel Silva, e Luisa Pasín. Todos e todas elas formaron parte da xunta de goberno da institución colexial.

O acto rematou cun viño de confraternización no propio claustro da Facultade de Historia. Posteriormente, houbo un concerto no pub Retablo, no que participaron dous grupos musicais compostos por avogados.



A defensa, pola liberdade

Para rematar o programa de actos, o Colexio de Avogados de Santiago, en colaboración coa Sala Numax e co Consejo General de la Abogacía Española, emitiu en dous pases o documental 'La defensa, por la libertad'. Trátase dun filme de Pilar Pérez Solano, producido por Transit Producciones Audiovisuales, en coprodución con RTVE e en colaboración co CGAE e a Mutualidad de la Abogacía.

Ao rematar o primeiro pase, houbo un coloquio cunha das protagonistas do documental, Cristina Almeida, que posteriormente presentou o documental ás persoas que asistiron ao segundo pase. "La defensa, por la libertad" é un documental que recolle a historia da avogacía española desde mediados dos 60 a 1978. Unha etapa que foi clave para a fin da ditadura e a consolidación da democracia.



Medalla de Ouro da cidade

O mellor final para o programa de actos do 175 aniversario do colexio chegou do Consello Asesor de Condecoracións do Concello de Santiago, que ratificou a concesión da Medalla de Ouro da cidade ao Colexio de Avogados de Santiago. Esta distinción foi aprobada por unanimidade no pleno municipal.

"Estamos moi satisfeitos pola resposta dos colexiados, das colexiadas e da propia cidade aos actos do aniversario, co broche final da Medalla de Ouro de Santiago que nos outorgou o concello", afirmou o decano da institución, Francisco Rabuñal.

A RECLAMACIÓN PREVIA NA LEI 35/2015 DO 22 DE SETEMBRO: efectos procesuais, enervatorios e interruptivos da prescripción da acción



A Lei 35/2015, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación procedeu á modificación do Texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, que no seu artigo 7 establece as obrigas do asegurador e do prexudicado.

Como obrigas impostas ao asegurador, a Lei impón ao asegurador que, no ámbito do aseguramento obrigatorio e con cargo ao seguro de subscripción obrigatoria, haberá de satisfacer ao prexudicado o importe dos danos sufridos na súa persoa e nos seus bens, así como os gastos e outros prexuízos aos que teña dereito.

Esta obriga tena o asegurador sempre; excepto cando probe que os danos foron debidos á culpa exclusiva do prexudicado ou a forza maior estraña á condución ou ao funcionamento do vehículo. Non se considerarán casos de forza maior os defectos do vehículo nin a rotura ou

fallo dalgunha das súas pezas ou mecanismos.

A norma determina as obrigas impostas ao prexudicado, como requisito de procedibilidade, que tras un accidente de tráfico o prexudicado deba facer no prazo dun ano unha reclamación previa. A reclamación previa suspende sine die o inicio da acción extracontractual, que só se reinicia cando a entidade aseguradora realiza unha oferta ou, de ser o caso, unha resposta motivada cumprindo as formalidades de comunicación, información e consignación á vítima.

A reclamación previa pode ser sucinta ou extensa, dirixida ao asegurador en reclamación dunha oferta ou, de ser o caso, resposta que ha de ser motivada, agora ben, en todo caso a reclamación previa ha de identificar correctamente os intervinientes, o lugar do suceso, a existencia de danos persoais e/ou danos materiais.

No prazo de tres meses desde a recepción da reclamación do prexudicado, tanto se se trata de danos persoais como nos bens, o asegurador deberá presentar unha oferta motivada de

indemnización se entendese acreditada a responsabilidade e cuantificado o dano, que cumpra os requisitos que logo especificaremos.

Se a reclamación fose rexeitada, o asegurador dará unha resposta motivada que ha de cumprir uns requisitos específicos para que sexa eficaz e que será obxecto doutro estudo pola nosa parte.

Para a emisión da oferta motivada ou, de ser o caso, a resposta motivada, o asegurador, á súa custa, poderá solicitar previamente os informes periciais privados que considere pertinentes, que deberá efectuar por servizos propios ou concertados, se considera que a documentación achegada polo lesionado é insuficiente para a cuantificación do dano.

Hanse de destacar os requisitos necesarios para que a oferta motivada cumpra a súa finalidade enervatoria e reinicie o prazo prescriptivo: Esta ha de producirse no prazo de tres meses contados desde a recepción da reclamación do prexudicado, tanto se se trata de danos persoais como nos bens, e deberá presentar unha oferta motivada de indemnización se entendese acreditada a responsabilidade e cuantificado o dano, que cumpra os requisitos seguintes para que sexa válida para os efectos enervatorios da mora do asegurador que alcanza exclusivamente á cantidade ofrecida e consignada para pago.

A oferta motivada para causar os efectos pretendidos polo asegurador responsable, a saber, enervar a mora e que se reinicie o prazo de prescripción, debe conter as seguintes de acordo coa Lei 35/2015:

- a) Unha proposta de indemnización polos danos nas persoas e nos bens que puidesen derivarse do sinistro. No caso de que concurran danos ás persoas e nos bens figurará de forma separada a valoración e a indemnización ofertada para uns e outros.
- b) Os danos e perdas causados ás persoas calcularanse segundo os criterios e importes que se recollen no título IV e no anexo á lei 35/2015.
- c) Conterá, de forma desagregada e detallada, os documentos, informes ou calquera outra información de que se dispoña para a valoración dos danos, incluíndo o informe médico definitivo, e identificará aqueles en que se baseou para cuantificar de forma precisa a indemnización ofertada, de maneira que o prexudicado teña os elementos de xuízo necesarios para decidir a súa aceptación ou rexeitamento.
- d) Farase constar que o pagamento do importe que se ofrece non se condiciona á renuncia polo prexudicado do exercicio de futuras accións no caso de que a indemnización percibida fose inferior á que en dereito poida corresponderlle.”

Ante esta situación o prexudicado pode optar entre a aceptación en pagamento e a aceptación a conta. Pois ben, recibida esta oferta motivada, o prexudicado pode aceptala en pagamento, pechando así a reclamación, ou pode aceptala a conta, o que implica que pode acceder a esa indemnización e continuar

reclamando a cantidade que considere oportuna.

En calquera dos dous casos a entidade aseguradora non aboará xuros da cantidade ofrecida en pagamento e que faga chegar ao prexudicado, xa a acepte en pagamento ou a acepte a conta.

Se o prexudicado non acepta a cantidade nin en pagamento, nin a conta, a dita cantidade ofrecida en forma segue enervando a mora do asegurador, a cal non virá obrigada a aboar xuros polas devanditas cantidades a condición de que a consigne a favor da vítima no prazo de 5 días.

Se a cantidade ofrecida non reúne os requisitos formais indicados, o prexudicado poderá aceptalo a conta pero a aseguradora deberá aboar os xuros de mora igualmente calculados desde a data do sinistro ata a data do ingreso, e o prexudicado poderá continuar a súa reclamación polo exceso que considere oportuno.

Agora procede destacar os requisitos necesarios para que a resposta motivada cumpra a súa finalidade, a saber, enervar a mora e reiniciar o prazo de prescripción.

No suposto de que o asegurador realice unha resposta motivada e para que este produza efecto respecto de enervar a mora do asegurador ao pagamento de xuros moratorios, de acordo coa Lei 35/2015, débese axustar aos seguintes requisitos:

A resposta debe dar resposta á reclamación, podendo alegar que non está determinada a responsabilidade, ou que non é posible cuantificar o dano, ou negar a responsabilidade, negar a causalidade entre o accidente e a reclamación, etc.; agora ben, a resposta debe sempre especificar e razoar suficientemente a causa do rexeitamento que, como vedes, pode ser total, parcial, ou diferir no tempo realizar unha oferta motivada.

Cando o motivo alegado sexa a dilatación no tempo do proceso de curación do prexudicado e non fose posible determinar o alcance total das secuelas padecidas a causa do accidente ou porque, por calquera motivo, non se puidese cuantificar plenamente o dano, a resposta motivada deberá conter cando menos referencia aos pagamentos a conta ou pagamentos parciais anticipados a conta da indemnización resultante final, atendendo á





natureza e entidade dos danos e o compromiso do asegurador de presentar oferta motivada de indemnización tan pronto como se cuantificaron os danos e, ata ese momento, de informar motivadamente da situación do sinistro cada dous meses desde o envío da resposta. Así mesmo, a resposta ha de desagregar e detallar os documentos, informes ou calquera outra información de que se dispoña, incluíndo o informe médico definitivo, que acrediten as razóns da entidade aseguradora para non dar unha oferta motivada.

Do mesmo xeito que na oferta motivada os ofrecementos parciais ou a conta que se realicen incluírá unha mención a que non require aceptación ou rexeitamento expreso polo prexudicado, nin afecta o exercicio de calquera outra acción que lle poida

corresponder para facer valer os seus dereitos.

Normalmente moitas compañías aseguradoras, cando emiten unha resposta motivada limítanse a enviar o escrito cumprindo formalmente as alegacións de rexeitamento ou aprazamento no tempo apuntados, agora ben, non adoitan achegar os documentos que posúen, e así mesmo as cuantificacións para ofrecementos parciais non responden á realidade dos informes médicos que posúen, ou mesmo adoptan posturas pasivas ante o lesionado requiríndoo para que lle achegue documentación médica cando as entidades aseguradoras poden apoiarse en medios de coñecemento como é o seguimento médico ao que a vítima non pode negarse.

Así pois cando unha compañía aseguradora nos remita unha

resposta motivada sen acompañar a documentación na que se basea ou adoptando unha postura pasiva, non debera ter dereito á enervación da mora do asegurador e non terá o beneficio de non abonar xuros moratorios, salvo das cantidades efectivamente ofrecidas e entregadas, pero devindicando xuros en caso de oferta motivada incompleta desde a data do sinistro ata a data do ingreso efectivo. Así mesmo, se a información e ofrecementos parciais económicos remitidos non concordan co contido do coñecemento que esta ten ou podería ter a medio da contratación de servizos de seguimento médico, tampouco terá dereito á enervación da mora.

A resposta motivada xerará o reinicio do cómputo da acción, cando o asegurador rexeite a responsabilidade do sinistro.

A Lei 35/2015 non outorga ás aseguradoras un relaxo nas súas obrigacións de facer cando teñen coñecemento da existencia dun sinistro por calquera medio. As aseguradoras han de ter unha actitude activa para alcanzar a enervación da mora, que ha de ser expresamente obxecto de pronunciamento polo xulgador. Non abonda con que se llimiten a cubrir trámites administrativos formais.

OS SEGUROS OBRIGATORIOS, OS GRANDES DESCOÑECIDOS

O seguro obrigatorio converteuse no gran descoñecido, non porque non sexan comunemente coñecidos pola xeneralidade das persoas, senón porque se concentrou o seu ámbito de coñecemento no SOA, é dicir,

no seguro obrigatorio de automóbiles, sendo que este non é mais que unha das súas manifestacións. O seguro obrigatorio de responsabilidade abarca múltiples ámbitos da vida de relación social, contractual e ex-

tracontractual, abarcando unha boa parte da vida de relación das persoas. Os seguros obrigatorios, pola súa natureza xurídica van vinculados ao dano, dano como expresión de lesión corporal e dano e prexuízo como

expresión de menoscabo patrimonial, xa sexa este derivado do dano persoal, xa sexa derivado dos danos a obxectos, bens e mercadorías.

A enumeración de seguros obrigatorios é moi extensa, apuntamos a continuación algúns dos seguros obrigatorios máis relevantes:

- Seguro de responsabilidade civil obligatoria de vehículos de motor
- Seguro de danos sobre calquera ben hipotecado
- Seguro de responsabilidade civil do cazador
- Seguro de responsabilidade civil como propietario dun animal de raza potencialmente perigosa
- Seguro obrigatorio para viaxeiros en transporte público colectivo
- Seguro de responsabilidade civil para embarcacións de recreo ou deportivas, así como motos náuticas.
- Seguro de vida ou accidentes que se definen como obrigatorios nos convenios colectivos
- Seguro obrigatorio deportivo que se esixe ás federacións deportivas para os deportistas inscritos, cando participen en competicións
- Seguro de responsabilidade civil se se pretende facer un ensaio clínico con medicamentos
- Seguro de responsabilidade civil medioambiental
- Seguro de responsabilidade civil profesional, por exemplo, dos profesionais sanitarios na asistencia privada
- Seguro de responsabilidade civil para a actividade de transporte escolar
- Seguro de responsabilidade civil para as empresas ins-

taladoras e de prestación de mantemento de ascensores

- Seguro de responsabilidade civil por danos nucleares
- Seguro de riscos extraordinarios
- Seguros agrarios combinados
- Seguros de incendios forestais
- Seguro de cantidades anticipadas á construción e venda de vivendas
- Seguro de responsabilidade civil derivada da actividade de produción e xestión de residuos tóxicos e perigosos
- Seguro de responsabilidade civil de corretores de seguros
- Seguro de responsabilidade civil das axencias de viaxes
- Seguro de responsabilidade civil aos promotores de festexos taurinos
- Seguro de responsabilidade civil aos promotores de espectáculos pirotécnicos
- Seguro de responsabilidade civil á actividade profesional dos avogados

A competencia legislativa para determinar que e cales han de ser os seguros obrigatorios corresponde tanto ao Estado central como ás CC.AA. Dada a diversidade de lexislación de todo

tipo que recollía este carácter de seguro obrigatorio disperso en multitude de boletíns oficiais, creouse desde o 1 de xaneiro de 2016 un Rexistro Público de Seguros Obrigatorios xestionado polo Consorcio de Compensación de Seguros, e no que se relacionarán todos os seguros obrigatorios esixidos no territorio do Estado con independencia do órgano lexislativo que o ditase, o que se levou a cabo por medio da Resolución do 18 de decembro de 2015, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se concreta o contido do Rexistro de seguros obrigatorios, o procedemento e as especificacións da información para remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a cal trae causa directa da Directiva 2009/38/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio, coñecida como Directiva Solvencia II, a cal prevé que cada Estado membro comunicará á Comisión os riscos para os cales a súa lexislación impón a obrigatoriedade dun seguro.

(<https://boe.es/boe/dias/2015/12/31/pdfs/BOE-A-2015-14367.pdf>).

O Real Decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación,





supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, na súa disposición adicional primeira, establece que o Rexistro de seguros obrigatorios conterá toda a información actualizada relativa aos seguros obrigatorios.

<https://www.boe.es/eli/es/rd/2015/11/20/1060>

O rexistro ten unha finalidade meramente informativa.

Co fin de resolver a natureza xurídica dos seguros obrigatorios, convén realizar algunhas consideracións sobre a natureza xurídica das diferentes clases do seguro obrigatorio co obxecto de atopar o seu común denominador.

Segundo a clasificación legal dos seguros, que se contén na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, podemos establecer dous grandes bloques: por unha banda están os “seguros contra danos”, e, doutra banda, os “seguros de persoas”. Dentro do primeiro bloque existen diversas modalidades, entre as que se inclúe o denominado “seguro de responsabilidade civil”. No segundo bloque tamén existen distintas modalidades, sendo unha delas o denominado “seguro de accidentes”.

Así temos seguros baseados nunha modalidade do seguro privado de accidentes individuais, compatible con calquera outro seguro concertado e que non libera aos responsables dos causados a terceiros pola responsabilidade civil en que, dolosa ou culposamente, puidesen incorrer, nin as prestacións satisfeitas por razón do devandito seguro reducen o importe da expresada responsabilidade.

Parece obvio que os seguros obrigatorios responden a dúas modalidades, a saber, hai seguro obrigatorio como “seguro de persoas” na súa modalidade de “seguro de accidentes”, que ten unha natureza e réxime xurídico distintos aos “seguros contra danos” entre os que se inclúe o de “responsabilidade civil”. Este fundaméntase na responsabilidade extracontractual ou culpa aquiliana conforme ao previsto no artigo 1902 do Código civil. Un exemplo típico deste tipo de seguros é o de responsabilidade civil de vehículos de motor, xa sexa o obrigatorio ou o voluntario. Pola contra, aquel outro corresponderíase por exemplo co seguro obrigatorio de viaxeiros, que carece dun substrato culpabilístico, e é netamente obxectivo e que ten a súa base no mero feito de realizar unha actividade

que constitúe o obxecto do risco protexido con independencia da culpa ou negligencia en que puidesen incorrer a persoa física ou, de ser o caso, xurídica.

Así pois, con independencia da modalidade de seguro á que pertenza o seguro obrigatorio, este comparte unha natureza xurídica de obrigatoriedade na subscrición por canto que socialmente o lexislador considerou que determinada actividade social de risco ha de ser cuberta á toda custa por un seguro que ampare ás vítimas polo mero feito de ser vítimas desa actividade socialmente aceptada como risco ou que se considerou que sexa obrigatoria para que as vítimas da responsabilidade civil de terceiros non queden desamparadas ante insolvencias, pois a vítima ha de ser protexida custe o que custe e por iso a non concertación de tales seguros de accidentes persoais ou, de ser o caso, de responsabilidade civil, carrexan a imposición de sancións administrativas e/ou, se é o caso, penais, dependendo dos tempos sociais en que se producen. Así mesmo, para ser considerado seguro obrigatorio, tales seguros han de soportar a recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros. Así pois, o fundamento da existencia e consideración dun seguro como obrigatorio, require un sentimento social de risco de especial protección para as vítimas en prol da estabilidade social e en busca da paz social. A finalidade do seguro obrigatorio que a lei obriga a contratar e pagar a todos os suxeitos obrigados é cubrir o risco obxecto de protección para facer fronte ás contingencias derivadas do acaecemento do risco.

Roberto Botana Castro
BotanaAbogados

MARGARITA RUÍZ NÚÑEZ E MANUEL MARTÍN GARCÍA TOMARON POSESIÓN DOS SEUS CARGOS NA XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou no mes de xaneiro unha xunta xeral ordinaria, durante a que a xunta de goberno fixo un repaso do ano 2019 e que serviu tamén para que tomarán posesión dos seus cargos Margarita Ruíz Núñez e Manuel Martín García.



Despois do proceso electoral de decembro de 2019, continúan nos seus cargos Ramón Quintela Miramontes como deputado segundo, Timoteo Gutiérrez Valerio como deputado quinto e Javier Constenla Vega como tesoureiro, mentras que entran na xunta de goberno Margarita Ruíz Núñez (deputada terceira) e Manuel Martín García (secretario).

Estas dúas incorporacións veñen a substituír a César Rúa e Carlos García Cumplido, que deixaron a xunta de goberno da institución colexial despois de moitos anos de dedicación.

“Só podemos ter palabras de agradecemento para Carlos e César, dúas persoas que traballaron moito polo ben do colexio e da profesión, deixan un legado enorme e unha fonda pegada en todos os que traballamos con eles”, asegurou o decano do colexio, Francisco Rabuñal. “Tanto Margarita Ruíz como Manuel Martín son dous profesionais de recoñecido prestixio que farán unha gran labor no colexio”, engadiu.

Durante a xunta xeral aprobouse por maioría a conta xeral de gastos e ingresos do ano 2019 e Rabuñal repasou os principais acontecementos do ano 2019, no que destacaron os actos conmemorativos do 175 aniversario do colexio.

VISITAS DO NOVO XEFE DA POLICÍA LOCAL E DO NOVO COMISARIO XEFE DA POLICÍA NACIONAL

O pasado mes de febreiro, o novo xefe da Policía Local, José Ramón Silva, visitou o Colexio de Avogados de Santiago. O decano, Francisco Rabuñal, a vicedecana, Carmen González Ferro, e parte da xunta de goberno mantiveron un encontro con el, nun ambiente cordial. O colexio mantén unha moi boa relación coas forzas de seguridade.

Meses máis tarde, en setembro, Juan Cástor Vázquez, desde agosto comisario xefe da Policía Nacional en Santiago, reali-



zou tamén unha visita institucional ao Colexio de Avogados, onde mantivo unha reunión de traballo co decano, Francisco Rabuñal, a vicedecana, Carmen González Ferro, o decano de honra, Evaristo Nogueira, e a xunta de goberno da institución.

Como pasou con José Ramón Silva, o encontro desenvolveuse nun clima de máxima colaboración. A Policía Nacional e a avogacía de Compostela traballan de forma conxunta polo ben e a seguridade da sociedade local.



FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou no mes de febreiro a festividade de San Raimundo de Peñafort, cun programa de actos aos que asistiron numerosas autoridades locais e autonómicas dos ámbitos xurídico, político e civil.

O acto central foi moi emotivo, pola homenaxe a César Rúa e a Carlos García Cumplido, que recibiron as medallas de Ouro do colexio pola súa traxec-

toria e vinculación coa institución, así como polo recordo a Leonor Castro, entre outros momentos.

Na súa intervención, o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Francisco Rabuñal, lembrou que “Carlos e César, entre os dous xuntos, son 60 anos de historia do colexio, grandes compañeiros e persoas que deixan unha fonda pegada polo seu traballo”. Rabuñal demandou ademais “unidade





no conxunto do sector para traballar por un ben común que temos que protexer e defender entre todos, que é a xustiza”.

Asistiron ao acto a presidenta do Consello Xeral da Avogacía Española, Victoria Ortega; o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo; o presidente do TSXG, José María Gómez y Díaz-Castroverde; o director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín, e o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes, entre outras autoridades.

Victoria Ortega mantivo na súa intervención a liña de Francisco Rabuñal e afirmou que “a avogacía institucional leva anos demandando un gran pacto pola xustiza en España, temos que crear e defender unha xustiza que mereza tal nome dentro dun verdadeiro Estado de Dereito”.

O programa comezou cunha misa na igrexa de Santa María Salomé en recordo dos compañeiros falecidos, para dar paso ao acto solemne no Salón Nobre de Fonseca, ao que asistiron máis de 300 persoas.

César Rúa Martínez e José Carlos García Cumplido, que deixaron en xaneiro a xunta de goberno do colexio despois de moitos anos de dedicación, recibiron as medallas de ouro na categoría de «avogados».

César Rúa é colexiado exercente número 568 do ICA de Santiago dende o 23 de xaneiro de 1978, é dicir, máis de 40 anos de exercicio profesional. Membro da Xunta de Goberno deste colexio dende o 1 de decembro de 1985, 35 anos nos que ocupou distintos cargos e foi tamén delegado territorial da Mutualidade da Avogacía neste colexio.

Pola súa parte, Carlos García Cumplido é colexiado exercente número 685 do ICA de Santiago dende o 27 de febreiro de 1984. Membro da Xunta de Goberno deste colexio dende o 5 de decembro de 1994, cando foi elixido secretario. Dende aquela vén ocupando este cargo, ata o seu cesamento voluntario no mes de xaneiro deste ano.

“Dous magníficos profesionais e compañeiros, César e Carlos forman parte da historia do Colexio de





Avogados de Santiago e continuarán moi unidos á nosa institución”, considerou a xunta de goberno da institución.

Nas súas intervencións, os dous homenaxeados destacaron que “por enriba dos feitos profesionais e das nosas responsabilidades na xunta de goberno, no colexio atopamos sempre amizade e compañeirismo”.

Leonor Castro Calvo (a título póstumo), ex maxistrada da Sección 6ª da Audiencia Provincial da Coruña, e Xurxo Melchor Carrera, xornalista, foron as medallas de ouro na categoría de «non avogados». O colexio destacou de Leonor Castro que “trasládaba tranquilidade, sensibilidade, educación, sabía escoitar e tiña un bo facer dende o punto de vista xurídico sendo o seu trato en sala impecable e respectuoso, todo iso sen menoscabo de exercer a función xurisdiccional con auténtica profesionalidade”. A súa relación coa avogacía compostelá foi excelente e entendía e comprendía o que é e significa ser avogada ou avogado. Dende hai moitos anos, nunca faltou aos actos do noso patrón San Raimundo de Peñafort.

Xurxo Melchor, xornalista especializado en tribunais e sucesos, recibiu a distinción pola súa traxectoria que vén desenvolvendo nos últimos sete anos na edición de Santiago no xornal La Voz de Galicia. Por último, a Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela recibiu o XI Premio Dereitos Humanos do colexio.

“Esta asociación sen ánimo de lucro, Sarela, vén prestando dende o ano 2000 apoio diario ás persoas afectadas polo dano cerebral adquirido (DCA), que xera frecuentemente discapacidades permanentes naquelas e require de especiais medidas de

coidado, atención e apoio individualizado, tanto a elas mesmas como ás súas familias, con implicacións legais nalgúns casos”, destacou a xunta de goberno do colexio.

Tamén houbo unha entrega de diplomas aos letrados e letradas que cumprían 25 anos de exercicio profesional e unha xura ou promesa de novos letrados e letradas. A celebración pechouse coa tradicional cea de confraternización no Gran Hotel Los Abetos.



CURSOS E SESIÓNS DE FORMACIÓN NO COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO

Para o Colexio de Avogados de Santiago, a formación continua dos e das profesionais é unha prioridade. Ante a actual situación de pandemia e pola dificultade de organizar xornadas e sesións presenciais, o colexio comezou a organizar actividades de formación telemáticas.

Neste mes de novembro, o Colexio de Avogados, coa colaboración da EGAP, da EPX e do CAG, organizou unhas xornadas sobre Dereito de Familia baixo o título ‘Cuestións procesuais e liquidación da sociedade de ganancias’.

Estas xornadas realizáronse no salón de actos da EGAP e os colexiados e colexiadas que se inscribiron puideron seguilas por videoconferencia a través da plataforma do CAG (Zoom). Houbo máis de 300 persoas inscritas, nunha das primeiras actividades formativas organizadas de forma telemática polo colexio neste novo escenario da pandemia da COVID-19.

Tamén este mes, o Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e coa Escola Galega de Administración Pública, organizou un curso de ‘Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega’ co obxectivo de potenciar a calidade lingüística dos escritos da avogacía.


O curso realizouse de forma telemática a partir dunha aula virtual na plataforma formativa da EGAP. O seguimento dos contidos foi libre e contou cunha titorización dirixida a resolver dúbidas a través de foros e da mensaxería da aula. Ao final do período lectivo, os interesados puideron facer unha proba de avaliación de coñecementos que, de ser superada, daba dereito ao certificado de superación do curso.

Nas próximas semanas continuarán este tipo de iniciativas, co obxectivo de manter o nivel formativo do colexio á espera de poder recuperar a presencialidade nos cursos e xornadas.



SALAS PARA XUÍZOS TELEMÁTICOS

Ante as novas necesidades xurdidas para a celebración telemática de audiencias previas e xuízos derivadas da situación sanitaria que seguimos a padecer, o Colexio pon á disposición de todos os nosos colexiados e colexiadas unha sala para a realización e seguimento telemático deste tipo de actuacións. A sala está dispoñible nas dependencias da sede principal do colexio (rúa de Eduardo Pondal) e está equipada cun ordenador portátil (con webcam e micrófono) e conexión á internet. O uso deste medio contará ademais co soporte técnico e o asesoramento do técnico informático deste colexio.



As reservas da sala poderán realizarse a través do número de teléfono do servizo de informática (981 581 713 ext. 2, Carlos Polo) ou mediante a App Avogacía-Compostelá, na opción “reserva de salas”. Está previsto que a finais deste ano se dote a sala cun sistema de videoconferencia con maiores prestacións (pantalla de TV, cámara e micrófonos) para mellorar no posible a calidade na transmisión da imaxe e do son.

O COLEXIO NAS REDES

Os perfís en redes sociais do Colexio de Avogados de Santiago experimentaron no ano 2020 un crecemento superior ao 15 %. A comunidade da institución nestas ferramentas de comunicación alcanzou as 2.580 persoas.

As redes sociais recollen as actividades desenvolvidas polo colexio, ademais das novas do sector xudicial que poden ser de interese para os colexiados, aínda que neste 2020 a protagonista foi a pandemia do coronavirus. O perfil en Twitter tiña a principios de novembro



1.760 seguidores, polos 820 de Facebook. Dende o mes pasado, o colexio ten tamén perfil en Instagram (icacompostela)

A través das redes sociais, o Colexio quere dirixirse aos profesionais da avogacía da cidade, ofrecendo información especializada e noticias de interese, e difundindo os servizos e actividades que promove. O uso cada vez máis xeneralizado destas novas canles de comunicación permite achegar a avogacía á cidadanía. Animamos a todos os colexiados e colexiadas a seguirmos e a participar. Grazas!



A RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL NO USO DO GALEGO POR PARTE DA AVOGACÍA

Nestes tempos da Covid-19 estamos a escoitar acotío que temos que apelar á responsabilidade individual no cumprimento das medidas necesarias para evitar o bicho, cousa coa que a inmensa maioría estamos de acordo. Instalouse no foro interno da conciencia colectiva que cada individuo de xeito individual debe loitar cos seus propios medios para non contaxiarse e, consecuentemente, non contaxiar os demais. Esa é a teoría. Porque a realidade é que cada quen aplica a súa responsabilidade individual como lle parece, case sempre de xeito contradictorio.

A maioría das persoas que temos acceso a esta revista imos ao xulgado ou ás administracións coa máscara posta e o hidroxel no maletín. Vemos que os micrófonos están enfundados en plásticos e mesmo esperamos a que outra persoa contratada pase un pano e o *flis-flis* nas cadeiras e na mesas das salas de vistas e de traballo. Pero, rematada a comparecencia, se a coñeces, vas coa letrada contraria tomar café e mesmo se suman as procuradoras e procuradores de ambas as partes e algunha outra persoa que pasaba por alí. Coa infundada sensación individual de estarmos nun ambiente seguro, as persoas profesionais respiramos aliviadas ao sacarmos as máscaras cando sentamos a tomar o café. Poderíamos ser sete persoas nunha mesa de catro, iso si, todas libres de sospeita porque nos coñecemos de hai tempo. A conversa monopolízana dúas que explican que na tarde do sábado (hoxe é luns) andaron de *tardeo* pola praza de abastos de Santiago falando cuns ou con outras e mesmo se atoparon cunha compañeira de Sabadell que tiña un xuízo e xa ficou a fin de semana. Se o lector o reflexiona un pouco, non tería problema en poñer centos de exemplos, das escolas, da universidade, dos hospitais... da súa vida diaria.

Todo o esforzo individual anti-covid que realizamos dentro dos muros oficiais seguindo os protocolos que indican as autoridades sanitarias reláxase en maior ou menor medida cando andamos extramuros. Aínda que non se pode xeneralizar, todos aplicamos as medidas anticoronavirus de xeito contradictorio varias veces nunha mesma maña. É difícil mudar os costumes de toda a vida.

Algo semellante é o que vén pasando co galego dende que é lingua cooficial no ámbito da avogacía. En xeral, aínda que queda moita xente que segue afirmando que o galego é unha lingua morta, unha inutilidade, toda a xente que nacemos e vivimos en Galicia e consideramos que o saber non ocupa lugar e que é un luxo termos un patrimonio propio, simplemente polo feito de ser de aquí, estamos de acordo en que o seu uso, a súa conservación e a súa xeneralización son accións de responsabilidade individual dos propios galegos, e neste caso dos avogados en particular.

A estas alturas do século XXI creo que a case ninguén lle escapa que o galego non ten dono, que é libre, e que é un patrimonio das persoas que aquí vivimos. Os que saben galego, son mais ricos que os que non o saben.

As institucións públicas ou privadas da vida xurídica, e as administracións galegas, levan anos facendo un esforzo para poñer en valor o galego no día a día dos profesionais, implantando normas de normativización e de uso xeral pero apelando á responsabilidade individual de todos os axentes intervinientes para o aplicaren.

É certo que hai avogados, xuízas, fiscais, procuradoras, funcionarias, que son galegofalantes e tamén escribentes dende sempre e para eles expresarse en galego é a regra xeral. Pero é unha evidencia que o resto somos contradictorios na nosa responsabilidade individual coa posta en valor do noso patrimonio lingüístico. Moita xente está de acordo en que o galego nos enriquece e en que se debe





protexer e potenciar, pero o certo é que no día a día escapamos da súa fala e sobre todo da súa escrita polo esforzo que supón introducir un elemento *alleo* na nosa operativa profesional diaria.

Os e as que imos tendo uns anos sabemos por que isto é así. Sufrimos nas nosas carnes o cambiante proceso evolutivo da normativización e a evolución da concienciación xeral respecto á lingua dende o ano 1975. Pódese discrepar pero non se pode deixar de recoñecer que a culpa de que o galego non entrase con máis naturalidade na linguaxe xurídica tanto oral como escrita é exclusivamente nosa. Polo menos eu entoo o *mea culpa*. Durante toda a vida, o galego falouse na rúa, nas tabernas, na casa, pero nos anos de estudante, alá polos anos 70 e 80, nunca se chegou a instaurar unha conciencia individual e real da necesidade de gozar deste patrimonio inmaterial do que dispoñemos.

Recordo que na facultade de dereito de Santiago dos meus tempos, só as persoas integrantes dos Comités Abertos de Facultade se expresaban normalmente en galego. Os que non militamos en nada non escoitamos en cinco anos un termo xurídico en galego, nin estudamos nunca ningún libro de dereito escrito en galego. Os membros do organigrama xudicial e o resto dos colectivos xurídicos formáronse sempre en castelán, e polo tanto expresáronse sempre nesa lingua, agás algunhas excepcións. O galego non puido enraizar no mundo da xustiza por razóns obvias.


Así e todo, dende hai anos estamos a ver como os colexios de avogados, os de procuradores, ou mesmo o Tribunal Superior de Xustiza de

Galicia, así como moitas outras institucións xurídicas e administrativas, tomaron conciencia de que o galego é noso, que nos enriquece, que nos pertence, que forma parte do noso ADN, e que, así, de xeito natural, debера agromar no ámbito xurídico, pero sempre apelando á nosa responsabilidade individual e ao orgullo íntimo de usalo sen complexos.

É adoito lermos novas nas revistas especializadas de dereito e das institucións, que anuncian a existencia de todo tipo de iniciativas galeguizadoras, de implantación de programas informáticos, de presentación de correctores, de convocatoria de cursos de reciclaxe. Todas estas medidas fóronse implantando nos actos oficiais que adoptaron o galego como o seu idioma vehicular dun xeito moi natural. Actualmente a ninguén lle chama a atención que os actos oficiais se desenvolvan en galego. Pero, pasado o acto público e cando chega o momento de poñerse coa faena do día a día, a responsabilidade individual dos avogados é inexistente, e así, é infrecuente encontrar demandas en galego, comunicacións xudiciais en galego, ou mesmo sentenzas no noso idioma.

É responsabilidade das institucións faceren esforzos por potenciar o noso patrimonio desbotando complexos históricos, pero é fundamental que os profesionais respondamos coa nosa responsabilidade individual, para que eses recursos ao noso dispor non resulten inútiles.

Como no caso da Covid, cada axente xurídico responde ao chamamento público como lle peta e a regra xeral é que non se preste atención a esta obriga moral que temos coas xeracións vindeiras. O galego segue falándose na rúa, na casa, nos bares, nos pobos, cos clientes, pero,





en xeral no mundo do dereito e da avogacía en particular, non o usamos para traballar por escrito, porque o mundo xurídico foi sempre en castelán e mudar os costumes de toda a vida dá moita preguiza.

É evidente que se deron grandes pasos a nivel institucional e van desaparecendo estereotipos e prexuízos conforme aumenta a autoestima da lingua. Cada vez hai máis xente orgullosa de coñecer a nosa lingua, desexosa de usala como signo de identidade e como patrimonio propio, pero en xeral non o valoramos como deberíamos. É unha obriga moral apelar á responsabilidade individual de cada un e convencernos de que

introducir o galego no traballo diario, aínda aos poucos, é moi positivo e enriquecedor para o colectivo de profesionais do dereito e da xustiza en Galicia e para os avogados en particular.

Non se trataría de facer un cambio radical, xa bastante temos co noso. Pero ir introducindo un escrito en galego de vez en cando, aínda que sexa de trámite, non supón demasiado esforzo, e pouco a pouco igual entre todos, imos normalizando un uso que si acadaron as administracións ou as universidades.

Cada un e cada unha que pense o que queira...

Carlos A. García Novio
Colexiado 1299 do ICA Santiago

Un escrito... de desistencia ou de desistimento?

Toma nota!

Co significado de 'acción e efecto de desistir', en galego dispoñemos do substantivo **desistencia**. Xa que logo, ha de evitarse nesta lingua o uso de **desistimento* por interferencia co castelán.

"Emprazado o demandado, do escrito de desistencia daráselle traslado por prazo de dez días. Se o demandado está conforme coa desistencia ou non se opón a ela dentro do prazo expresado no parágrafo anterior, o secretario xudicial ditará decreto en que se acorde o sobresemento e o demandante poderá promover novo xuízo sobre o mesmo obxecto.

Se o xuíz se opón á desistencia, o xuíz resolverá o que estime oportuno."

(Artigo 20.3 da LAC, sobre "renuncia e desistencia")

A quenda de oficio, 385 profesionais da advocacía sempre operativos en Santiago

O Colexio de Advogados mantivo o servizo durante o estado de alarma para atender a 270.000 habitantes // Hoxe é o Día da Xustiza Gratuita

Ti tamén tes dereito



12 XUÑO
#DíaJusticiaGratuita
#TarexOficio

O Colexio de Advogados de Santiago mantivo o servizo durante o estado de alarma para atender a 270.000 habitantes. O Colexio de Advogados de Santiago mantivo o servizo durante o estado de alarma para atender a 270.000 habitantes. O Colexio de Advogados de Santiago mantivo o servizo durante o estado de alarma para atender a 270.000 habitantes.

Imaxe da campaña lanzada polo Colexio de Advogados de Santiago para o Día da Xustiza Gratuita. (Foto: 123)

Imaxe da campaña lanzada polo Colexio de Advogados de Santiago para o Día da Xustiza Gratuita. (Foto: 123)

Imaxe da campaña lanzada polo Colexio de Advogados de Santiago para o Día da Xustiza Gratuita. (Foto: 123)

L6 | SANTIAGO | Viernes, 31 de enero del 2020



Margarita Ruiz y Manuel Martín junto al decano, Francisco Rabuñal.

Toma de posesión en la junta de gobierno del Colegio de Abogados

Apuesta de los abogados por el trabajo conjunto para proteger la Justicia

César Rúa y García Cumplido recibieron la Medalla de Oro del Colegio // "Dejan una profunda huella", afirmó el decano



Nueva app del Colegio de Abogados de Santiago



El nuevo comisario, con los abogados

Cástor Vázquez mantiene un encuentro con la junta de gobierno del Colegio de Abogados



La justicia gratuita operó con normalidad en el estado de alarma

El servicio de los abogados de Santiago tramitó de media 330 expedientes al mes

DANIEL BERNARDO, S. L.
SANTIAGO / LA VOZ

El servicio de justicia gratuita de Santiago funcionó 24 horas al día y siete días a la semana a pesar del estado de alarma, con sus 385 profesionales trabajando. En el primer semestre del año se tramitaron 1.977 expedientes (unos 330 cada mes). De ellos, 1.318 fueron de oficio y 659 de asistencia

Por último, su expediente será analizado por la Dirección Xeral de Xustiza de la Xunta.

Los profesionales del turno de oficio están especializados en muchas áreas. Con motivo del covid-19, el Colexio ha adelantado, con sus propios fondos, los pagos de todo el año 2020, sin esperar a que la Xunta los abonase. Francisco Rabuñal, decano de los abogados de Compostela

26 SANTIAGO

Nuevos rostros para la junta de gobierno de los Abogados

Los letrados Margarita Ruíz y Manuel Martín acaban de tomar posesión de sus cargos



La Voz de Galicia

El Colegio de Abogados pone 250.000 euros para adelantar el pago del turno de oficio

Los letrados podrán así cobrar a primeros de abril, un mes y medio antes, por la asistencia gratuita



SANTIAGO 27

Los abogados homenajean a sus compañeros César Rúa y García Cumplido

Recibirán el día 28 las medallas de oro por su larga y exitosa trayectoria profesional

Santiago. El Colegio de Abogados de Santiago celebrará el próximo día 28 la festividad de San Remond de Peñafort con un programa de actos a los que asistirán numerosas autoridades de los ámbitos jurídico, político y civil, y en el que como ya viene siendo habitual se premiará a profesionales del colectivo y a colaboradores, a los que se entregará las medallas de oro de la entidad.

sional e compañeros, César e Carlos, que forman parte da historia do Colexio de Advogados de Santiago e que continuarán moi unidos á nosa institución".

Exmadrada de la Sección 6ª de la Audiencia Provincial de A Coruña, comparte la designación en categoría de No Abogados con el periodista Xurxo Melchor Carrera.

Además, también será distinguida la Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela, que recibirá el XI Premio Dereitos Humanos del colegio, y como en anteriores ediciones, habrá también una entrega de diplomas a los letrados y letradas que cumplen 25 años de ejercicio profesional y la jura o promesa de nuevos colegiados.

La jornada, "unha cita clásica para a profesión e un lugar de encontro da sociedade civil de Compostela", finalizará con una cena en Gran Hotel Os Abetos. A.I.B.





MUTUALIDAD
ABOGACÍA

Plan Junior, para cuando ya no lo sean

Ahora, por contratar un nuevo
Plan Junior o realizar una aportación en uno
ya existente, podrás llevarte un cheque regalo
de Amazon.es de hasta 50 €*.

Entra en: [mutualidadabogacia.com](https://www.mutualidadabogacia.com)



*Promoción válida para nuevas altas y aportaciones realizadas desde el 28 de septiembre hasta el 15 de noviembre de 2020. Limitado a un cheque regalo Amazon por póliza. Para participar en la promoción la contratación o aportación deberá ser previamente confirmada por el Departamento de Operaciones de la Mutuality. Promoción NO compatible con otras promociones en vigor. En el caso de ser una aportación periódica se contemplará el importe anualizado independientemente de la periodicidad escogida, en caso de no cumplir el plan de pagos de la primera anualidad, se procederá a realizar un cargo extraordinario en el saldo del producto en concepto de retrocesión de promoción. Bases de la promoción en www.mutualidadabogacia.com